

## Presentación dun novo número da revista da asociación “Nova Escola Galega”

A Sala da Fundación “Félix Rodríguez”, no edificio da Área Panorámica de Tui, acollerá hoxe, ás 20.00 horas, o acto de presentación do número 37 da Revista Galega de Educación que edita a asociación de renovación pedagóxica “Nova Escola galega”. Intervirán Xesús Rodríguez, da USC e director da revista e membro da asociación; Paco Veiga, profesor no IES de Melide e coordinador do monográfico dedicado aos xogos tradicionais como parte do patrimonio lúdico de Galicia; e Xosé Manuel Malheiro, da USC e responsable de comunicación de Nova Escola Galega.